



Acordos da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes celebrada o 14-02-2012

A **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**, na súa sesión do 14 de febreiro de 2013, adoptou os seguintes acordos:

Procedementos de control e impulso

Proposicións non de lei en Comisión

Aprobación por unanimidade con modificacións

– 874 (09/PNC–000041)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a suspensión da fabricación, comercialización e utilización de todos os praguicidas neonicotinoides e fenilpirazois en España, así como a protección das abellas e insectos polinizadores, en xeral

BOPG n.º 10, do 05.12.2012

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno español a desenvolver os estudos e análises pertinentes para afondar na investigación e verificación das posibles afeccións dos praguicidas neonicotinoides e fenilpirazoles sobre o medio natural, en particular sobre as poboacións de abellas, e de ser pertinente, a iniciar o procedemento para a suspensión da fabricación, comercialización e utilización do conxunto de todos os praguicidas neonicotinoides e fenilpirazoles en España e a adopción de medidas de protección das abellas e os polinizadores en xeral".

Procedementos varios

Elección membros da Mesa

Elección de presidente

– (09/CEEM–000014)

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Elección do Presidente da Comisión

Vidal Martínez–Sierra López

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia